
Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por Redaccion - 14-12-E 01:01:53

O Concello de NigrÃ¡n ultima coas comunidades de montes de Chandebrito, Camos e Priegue a cesiÃ³n dun terreno de 700.000 metros cuadrados para a creaciÃ³n dun campo de golf.

As autoridades locais mantiveron atÃ© a data dous xuntanzas cos comuneiros e esperan chegar a un acordo sobre a súa ubicaciÃ³n definitiva en outro encontro que se celebrarÃ¡ antes de finalizar o ano.

Ã¿Que lle parece?

=====

Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por taurozen - 14-12-E 02:33:16

O pretendido campo de golf vai ser perxudicial para os veciÃ±os de NigrÃ¡n en diversos aspectos:

En primeiro lugar Ã© unha privatizaciÃ³n de feito do monte comunal, polo tanto pasa de ser unha riqueza ecolÃ³xica e forestal que pertence os veciÃ±os como propiedade comunitaria, a ser explotado por unha empresa privada, presumiblemente de fora do Val MiÃ±or.

Como non Ã© un Campo municipal, como os que existen no Reino Unido ou Irlanda, os veciÃ±os non o van a disfrutar, polo que en compensaciÃ³n do expolio so van a ter eses pagos durante 25 anos, que xe se verÃ¡ a onde van parar...

Do suposto turismo de inverno que vai xerar, mais vale nin comentar porque a idea debeuselle ocorrer a alguÃ©n que fumou porros demais.... Ã¿de verdade alguÃ©n no seu sano xucio pensa que os xeques do petroleo van trocar Marbella por Candebrito??? anda, deixadevos de coÃ±as...

Un dos atractivos turisticos do que se presume na web do Concello de NigrÃ¡n e a biodiversidade deses montes comunais, concretamente falase de raposos, coellos etc en Camos. Non e preciso ser moi listo para saber onde vai ir a parar esa riqueza, se ese plan disparatado segue adiante. E tamÃ©n podemos falar do patrimonio forestal deste concello, que para que vamos a enganarnos, fai moitos anos que Ã© mais ben escaso. E recentemente, a autopista e as continuas tomadas para construír o teÃ±en reducido mais ainda, e esta tendencia non parece que se vaia frear, tendo en conta o precio das fincas. Esto fai ainda mais grave a salvaxada que se pretende facer nos montes comunais.

Falase de que o enorme consumo de auga das instalaciÃ³ns non vai reducir a auga da traida do Concello de NigrÃ¡n, porque non se vai sacar do rio senÃ³n das augas subterrneas. Aqui xa nos estÃ¡n tomando por parvos e ofrecendo a galiÃ±a dos ovos de ouro. E unha lecciÃ³n que deberÃ¡n ter aprendido na ESO, o ciclo da auga. Esta non estÃ¡ en compartimentos estancos, ven toda da chuvia e vai parar o rio, augas subterrneas de onde se saca polos pozos, manantiales que son utilizados nas traidas veciÃ±ais, fontes etc. Se sacamos enormes cantidades de auga subterranea, a auga da chuvia ou dos outros sitios onde se almacena vai ter que repoÃ±er a que se sacou, polo tanto vai faltar auga nos pozos ou no rio. E polo tanto vai a escasear a auga ainda mais do que escasea agora.

=====

Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por odolin - 14-12-E 03:57:17

Desde MÃ¡laga, y sabiendo bien de lo que se habla...ya que estamos rodeados de Campos de Golf... totalmente de acuerdo con Taurozen. A saber que aparte de la falta de agua que podemos padecer por aquÃ­ en los sures... normalmente cuando se hace un Campo de Golf Ã©ste va acompaÃ±ado de unas construcciones inmobiliarias que desde luego no estan al alcance de cualquier bolsillo... os lo dice alguÃ©n que trabaja para mÃ¡is inri en una Promotora Inmobiliaria... y nuestros clientes suelen ser extranjeros y especuladores que dan escalofrÃ³s (cuando aparecen con maletines para pagar al contado...). Nuestra riqueza va quedando en manos de todos pero no en las de los ciudadanos autÃ³ctonos...

=====

Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por Petrium - 14-12-E 04:39:58

>>>Ver noticia NigrÃ¡n alerta dun perigo de escasez de auga en setembro

>>>Ver noticia El consumo en NigrÃ¡n reduce la reserva de ZamÃ¡ns

Inicialmente el golf era un deporte que buscaba el paseo para desarrollar un juego en un medio donde la naturaleza era el escenario de la actividad. Actualmente es una actividad que se desarrolla en un paisaje artificializado idÃ©lico, pero que no tiene nada que ver con su medio natural.

O sea se ha pasado de un juego que usaba el paisaje natural (en otras latitudes diferentes a las nuestras) a una actividad que recrea un espacio de forma artificial, y que hace un uso insostenible de los recursos naturales. La mayor parte de las tecnologÃ­as y tÃ©cnicas que se aplican en los campos de golf provienen de paÃ­ses con unos recursos hÃ©dricos y una pluviometrÃ­a superiores a la nuestra y mÃ¡s en los Ãºltimos aÃ±os que hemos vivido de sequÃ­a.

Las especies de hierba utilizadas son importadas de los paÃ­ses centroeuropeos con unos consumos medios de mÃ¡s de 10.000 m³ por hectÃ¡rea al aÃ±o. Hay que tener en cuenta que con una alta insolaciÃ³n y la elevada evapotranspiraciÃ³n, esos valores podrÃ­an ser mucho mayores. Algunos autores las elevan hasta 15.000m³ por ha.

Hay que aÃ±adir a ese consumo del cÃ³sped la evaporaciÃ³n de los numerosos lagos artificiales que se insertan en los campos de golf o entre estos y las urbanizaciones. Teniendo en cuenta que la superficie de un campo de golf oscila entre las 50 y 150 hectÃ¡reas, el consumo anual de agua un campo de golf es del orden de 1 millÃ³n de metros cÃºbicos al aÃ±o, o el equivalente de una ciudad de 12.000 habitantes.

Muchas veces se ha dicho que los campos de golf consumen aguas residuales depuradas, pero eso no es siempre cierto. La alta salinidad de las aguas residuales las hace muchas veces no apta para el riego del "green", lo que obliga a mezclarlas con agua potable o agua subterrÃ¡nea en proporciones a veces del 50%.

Otro tema a discutir serÃ­a si las aguas residuales depuradas sometidas a un tratamiento terciario para regar el campo de golf, deberÃ­an utilizarse en actividades agrÃ­colas, de mayor beneficio social, con prioridad sobre los campos de golf.

Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por Redaccion - 20-06-E 00:55:54

Por Carlos MÃ¡xome. Publicado no Xornal A Peneira

Contra do que se acostuma a dicir, nalgÃºns aspectos os galegos somos xentes Ã¡s que nos gusta a desmesura. Por exemplo, na comida. Ã? ben certo que en xeral somos mÃ¡is ben retraÃ­dos. Mesmo hai quen, medio en broma medio en serio, situou ao pobo galego nunha fase anal caracterizada pola pusilanimidade, polo retraemento, apoucamento e introversiÃ³n, en contraste coa fase fÃ¡lica do pobo vasco, en plena explosiÃ³n expansiva.

Reiteramos pois que considerarÃ­amos o â??sentidiÃ±oâ?? un trazo significativo da personalidade colectiva do pobo galego, se isto existise. AsÃ- e todo, dende que a autonomÃ­a nos permite xestionar unha parte importante dos cartos pÃºblicos tÃ©nse producido unhas desaforadas ansias por iso das â??infraestructurasâ??, estradas ata a aldea mÃ¡is cativa, piscina e pavillÃ³n polideportivo por concello, universidade case que por provincia e xa se sabe que aquela vila un pouco grande e que se prece ten que ter aeroporto. Curioso Ã© que outras infraestructuras, que noutros paÃ­ses consideran imprescindibles, como recollida de lixo e reciclaxe, rede de sumidoiros ou mesmo traÃ­das de auga pÃºblicas, non sexan situadas no nivel de importancia social das anteriores. Neste val noso a recollida do lixo Ã© un desastre, a reciclaxe non existe, cando menos a metade das parroquias â??ou mÃ¡is- non teÃ±en rede de sumidoiros e noutras tantas as traÃ­das de auga fixÃ©ronas os veciÃ±os e polo tanto son privadas.

Pode que no que sexamos decididamente fÃ¡licos sexa no de comer e no das festas gastronÃ³micas. AquÃ- si que superamos todos os â??record Guinnessâ?? habidos e por haber. E que ninguÃ©n se nos poÃ±a diante. Ese outro dÃ­a tiven unha reuniÃ³n cunha asociaciÃ³n de veciÃ±os parroquial que nos comunicou, non sen certa fachenda, que tiÃ±an decidido promover a parroquia organizando unha festa gastronÃ³mica. Ã¡Tarde piache! En efecto, o principal problema que tiÃ±an era decidir que froito da terra ou do mar, do rÃ­o ou do ar, Ã­an escoller para devorar na celebraciÃ³n. Xa que todos estaban collidos. AquÃ-, na miÃ±a parroquia, nas faldas do GalÃ­Ã±eiro, xa tiveron que optar polo xurelo. Non quedaba outro.

Campo de Golf en NigrÃ¡n

Publicado por Petrium - 25-04-E 02:04:19

A RUÃªNA de PRIEGUE, CAMOS e CHANDEBRITO.

Historia dunha idea.

A intenciÃ³n de facer un campo de golf nesta zona Ã© coÃ±ecida dende 1988. Lembremos o que publicaba o Faro de Vigo o 15 de marzo de 1989. Daquela, o alcalde de NigrÃ¡n ofreceu Ã¡s veciÃ±os 150 pesetas por metro cadrado, Logo, duplicou esta oferta inicial polo terreo e, dada a negativa dos afectados, chegou a ameazar con abri-lles expedientes polas obras que daquela se estaban a construír, sobre todo, en Chandebrito.

INDICIOS ESPECULATIVOS. A operaciÃ³n encuberta estarÃ¡a en que o grupo promotor faise con 1 millÃ³n de metros cadrados a 300 ptas. Dese conxunto collerÃ¡nse 300.000 que se venderÃ¡n a 5.000, 7.500 ou 10.000 ptas o metro cadrado polo que se recadarÃ¡n 2.500 millÃ³ns de ptas. Todo, cunha inversiÃ³n de sÃ³ 90 millÃ³ns . Outros 200.000 m2 destinarÃ¡nse a vivendas e hotel. O campo de golf contarÃ¡a cos 500.000 m2 restantes. Suponse que para esta operaciÃ³n haberÃ¡a unha modificaciÃ³n das Normas UrbanÃ¡sticas.

"Por outra parte los vecinos de Camos, asesorados jurÃ©dicamente, sacaron la conclusiÃ³n de que era un proyecto inviable. A pesar de estas posturas tan claras, el alcalde llevÃ³ al pleno, la modificaciÃ³n puntual de las Normas del monte de Chandebrito que fue aprobada por los votos del".

Fonte: Montejano, V., Faro de Vigo, 15/08/1989 pÃ¡xina 14. MÃ¡is informaciÃ³n en: FdV, 07/03/1989 p. 18. FdV 08/03/1989 p. 19. FdV, 29/07/1989 p. 17. FdV, 20/08/1989 p. 23. FdV, 21/08/1989 p. 12. FdV, 30/10/1989 p. 13. FdV, 03/11/1989 p. 22 e moitos mÃ¡is...

Logo 16 anos, proponse

MÃ¡is informaciÃ³n, por ex., en: La Voz de Galicia. Ed. Vigo, 14/12/2004, p. L11.

Campo de Golf de 700.00 metros cadrados e "Sector Residencial" de 127.000 m2.

Campos de Golf: NegÃ³cio de Poucos, RuÃªna de Todos. Monte galego.

Independentemente de como se resolva o problema da propiedade, o monte afectado pasarÃ¡a de feito a converterse nunha grande finca particular en mans dunha empresa propietÃ¡ria ou concesionÃ¡ria. ChegarÃ¡n peches e axentes de seguridade para que, mentres un poucos xogan, os demÃ¡is botemos de menos o que supÃ³n o monte comunal:

* Un espacio aberto ao trÃ¡nsito de toda a veciÃ±anza e forasteiros. Lugar onde disfrutamos do ar libre, do deporte, da natureza, do patrimonio cultural, das Ã¡reas de lecer...

* Unha fonte de recursos para comeneiros e comeneiras: castaÃ±as, recolecciÃ³n de fruma ou pico, cogumelos, piÃ±as, leÃ±a, madeira...

O Negocio estÃ¡ no metro cadrado.

O grande negocio dos campos de Golf non estÃ¡ nas cuotas proibitivas que pagan os seus socios. As contas non saen a non ser que o proxecto se acompaÃ±e dunha recalificaciÃ³n do terreo; aproveitando a modificaciÃ³n dun PXOM por exemplo. ArtÃ³lase asÃ¡ un proxecto urbanÃ¡stico privado que multiplica por catro (e mÃ¡is) os beneficios.

O Ouro e o Mouro.

Amortizando o investimento inicial e os gastos ordinÃ¡rios, un campo de golf destas magnitudes ten, de promedio, uns beneficios netos anuais de 1.160.000 euros (192 millÃ³ns de pesetas). SegÃ³n revelÃ³u a prensa de finais do ano pasado 2004 (vid. p. 1), as Comunidades de Montes afectadas cobrarÃ¡n 84.000 euros (pouco menos de 14 millÃ³ns de ptas). Noutras palabras: o 7'4 % (sÃ¡, sÃ³ o sete coma catro %) entre as tres parroquias. Non Ã© mal negocio para estar na ribeira sur da rÃ¡a de Vigo, no centro dun espacio en proceso de urbanizaciÃ³n acelerado, desbocado, desfasado, especulativo, desarrollista e INSOSTIBEL.

PÃ³rdense 70 (setenta) hectÃ¡reas de producciÃ³n de madeira. Con que benefÃ©cio?. PÃ³rdense setenta hectÃ¡reas de potenciais producciÃ³ns complementarias como mel, castaÃ±as, landras, cogumelos, carne ecolÃ³xica, etc. A quen interesarÃ¡ o abandono da terra? Normalmente os campos de golf veÃ±en acompaÃ±ados de grandes promesas de postos de traballo e negÃ³cio. A realidade Ã© que a plantilla mÃ©dia dun campo de golf componse dunhas 23 persoas, a maior parte das cales han de acreditar formaciÃ³n especÃ©fica. Por enriba, as adicadas ao golf soen ser EMPRESAS ENDOGÃ¡MICAS que ademÃ¡is da sÃ³a Ã©lite non sÃ³ montan as sÃ³as propias tendas e bares, etc., senÃ³n que se dan moitos casos de entrar en competÃ©ncia co comÃ©rcio e a hostelerÃ¡a locais, primeiro con prezos de ganga e logo tirando

dos prezos cara arriba.

A Áigua tamén a queren.

Un campo de golf como o que se pretende aquí- ten un CONSUMO ANUAL entre 700.000 e 1.000.000 de metros cúbicos (de 700 a 1.000 millóns de litros de Áigua). A mesma cantidade de Áigua que unha nova vila de 8.400 a 12.000 habitantes. Se lle sumamos as novas casas e instalacións que acompañaen o proxecto a cifra aproximarase á do consumo duns 17.000 habitantes.

Os defensores do proxecto recoñecen a dificultade de traela de Zamins. Consideran aproveitar as Águas residuais da depuradora de Nigrán ou abrir pozos para collela dos mananciais da zona. O problema é que estes MANANTIAIS son os mesmos que surten de Áigua ás parroquias afectadas dende tempos inmemoriais. ¿Cando escasee a auga, con invernos como este 2004-05, quen terá prioridade no seu uso? ¿Os veciños e veciñas ou o Campo de Golf?

Contaminación.

Un campo destas características consume unhas 49 toneladas por ano de fertilizantes; produtos con contaminantes abondosos derivados do nitróxeno e de fosfatos. Ademais consume toneladas de herbicidas, fungicidas, nematocidas, aracnidas ou mesmo rodenticidas. Tamén se empregan retardadores do crecemento e xóranse lixo, restos de corta contaminados e vertidos accidentais.

A súa TOXICIDADE é variábel, mais cando falamos de grandes superficies con numerosos mananciais e regatos, acontece que todo este "arsenal" químico ameaza moi seriamente a potabilidade deste recurso vital. Desmontar o Monte.

A preparación do terreo para a implantación dun campo de Golf deste tipo supón, primeiro, a tala masiva. A CORTA A MATARRASA. Se o impacto ambiental destas talas pode ser moi forte, a posibilidade de cortar as novas fragas de carballos e de castiños que se estiveron a recuperar nestas últimas décadas será imperdoábel. Logo, efectúase un subsolado, NIVELASE O TERREO en función da morfología que se lle pretenda dar ao campo de golf. Un campo de golf é un MONOCULTIVO. Excepto, a herba seleccionada como céspede, DESTRÁSE TODO O QUE HAI. Aplícanse herbicidas sistemicamente.

O anunciado "Sector Residencial" que acompaña o campo de golf será unha nova MONSTRUOSIDADE PAISAXÍSTICA, estilo Gaifar (Nigrán), Toralla (Vigo), etc. Voces que se Apagan

O campo de Golf pode representar outro exemplo de PRIMAVERA SILENCIOSA. A aplicación masiva de produtos químicos conlevará a desaparición das especies vexetais existentes e a morte da fauna invertebrada. Anfibios, réptiles, mamíferos e aves corren perigo e veremos ameazado o noso ecosistema.

Patrimonio Arqueolóxico directamente afectado.

Aqueles que planifican a idea dun campo de golf nesta zona, presúnselle deberan coñecer xa o seu valor como patrimonio arqueolóxico e natural. Xacementos do Paleolítico á Idade Moderna. Un legado de máis de 300.000 anos, diverso e ben exemplificado nun marco paisaxístico de recoñecida beleza. Obsérvese no mapa o sobranceiro número e disposición dos petroglifos, BENS DE INTERESE CULTURAL, e o número dos outros tipos de xacementos ao aire libre e covas afectados.

Obrigados polo espazo dispoñible, esquecémonos agora das inmediacións -das covas do Folón, de Porteliña, de Peneites... dos petroglifos de Fragoselo, do Carballoso, da Mijmoa, do Sueido... dos castros de Priegue, Saiáns, Coruxo, Chandebrito...- que virá a ser a parte do patrimonio arqueolóxico aquí- non representada pero igualmente afectada por razóns xeográficas evidentes.

Máis información en: CEM (Coord.) Historia de Chandebrito. Ed. CMVMC de Chandebrito e Concello de Nigrán, 1997; CEM (Coord.) O Folón (Coruxo) e as outras do sur de Vigo. Ed. A. Veciñal de Coruxo, 2004.

EDITORIAL.

¿Por que Concello e promotores non informan directamente e con claridade á cidadanía dos seus propósitos? ¿Estamos dispostos a desentendernos deste plan?

A riqueza desta parte do Val Miñor está na súa natureza e na cultura inmaterial e material de seu. O pretendido

TURISMO DE CALIDADE que se busca, fuxir d'un campo de golf maldito por facerse en contra da auga, do monte, do patrimonio e da paisaxe herdados. En contra da tranquilidade; potenciando o tráfico privado excesivo. En contra dun territorio tan ricamente dotado de historias e paisaxes que merecen seguir sendo disfrutadas con proxectos e promocións públicos sostibles e máis respectuosos. O Concello de Nigrán conta dende novembro de 2004 cunha Memoria Preliminar que propón a REVALORIZACIÓN patrimonial de Chandebrito. O Concello de Vigo pediu en xaneiro de 2004 á Xunta que se integre esta zona no Parque de Arte Rupestre de Galicia. Un campo de golf por desarrollista e insostible medioambientalmente é incompatible con estes anuncios. N.º C.E. Mauxo levamos publicitando os valores desta parte da nosa veciñanza dende 1990. Por facelo unha vez máis que non quede. En vez de planexar obras absurdas; os políticos - xestores deberían escoitar as reclamacións polo arranxo das estradas xa existentes, pola construción do alcantarillado, pola recuperación de camiños, fontes e lugares de interese planificando con respecto a nosa terra.

Boletín Especial Informativo editado polo C. E. Mauxo. Vigo 2005.
Enderezo : mauxo@mauxo.com. SELO CEM, 2005

=====